

VENRES 29 DE MAIO DE 2020

## **BOS DÍAS FAMILIAS!**

### **1-CALENDARIO.**

Hoxe é o último día que rexistramos o tempo no calendario, facemos a gráfica deste mes.

Toma nota do número de días que fixo sol, estivo nubrado, choveu...e logo represéntao na gráfica , utiliza a regra para que che quede moi ben feita, e colorea as barras.

Podes facer a parte de atrás contestando as preguntas e copiando os refráns con boa letra.

### **2-LINGUA GALEGA.**

Facemos a páxina 177.

Recordade que GUE, GUI, a letra U non soaba, pero temos palabras nas que é necesario que soe por exemplo PINGÜÍN, neste casos o U ten que levar os dous puntiños enriba que se chama DIERESIS.

Ledes o ditado e facédelo no caderno , copiado ou ditado.

### **3-MATEMÁTICAS.**

Facedes a ficha nº 4 de xeometría(borde laranxa) recoñecedes as figuras CONO, ESFERA e CILINDRO.

Buscade pola casa cousas que teñan estas tres formas, e apuntádeas na libreta.

Déixavos unha ficha de contas para facer durante a fin de semana.

E deixo o calendario do mes de xuño que teremos que empezar o luns.

### **4- ASAMBLEA**

**Esta é a última assemblea deste curso esperamos que en setembro fagamos a assemblea todos/as xuntos/as na aula de 2º.**

**Seguimos enviando os traballos semanalmente, e para que non se me amontoen facémolo 4 ou 5 cada día.**

**No grupo seguirei poñendo os/as alumnos/as que teñen que envialos.**

Hoxe esperamos a CELIA, LUZ, ROBERTO e BRENDA.

**BOA FIN DE SEMANA!!**

